



DIOCESE
DE LUGO

Programación *Pastoral* Curso 2016-2017



Vivir
con **fe**

Liñas de acción

Equipo Pastoral

2016-2017

1. Unha fe relevante para a vida

Ao comezo deste novo curso, o 13 de novembro, celebraremos a clausura deste especial *Ano Xubilar da Misericordia*, ao que nos convocou o noso Papa Francisco. Durante os últimos meses estivo no centro da nosa atención e do noso labor pastoral. Agora habemos de lembrar que o seu significado non se esgota coas iniciativas particulares que se tomaron, senón que pretende ser perenne. O Papa quixo que renovásemos a nosa experiencia do esencial do cristianismo, que crecésemos en conciencia diso; exhórtanos a que aprendamos sempre de novo a vivir desde o corazón do Evanxeo —a Misericordia— e a ir ao encontro de todos, certos desta Boa Noticia.

Dalgunha maneira, tratouse de avanzar polo camiño marcado pola súa Exhortación programática *Evangelii Gaudium*.

Esta intención fundamental será a nosa guía tamén o próximo ano: afrontar a nosa tarefa pastoral, mirar á porción do Pobo de Deus que temos encomendada, coa vontade de que todo sirva para o crecemento da súa alegría e da súa certeza de que o Amor Misericordioso vénnos ao encontro en Cristo, o Fillo de Deus feito home.

Evangelii Gaudium convidounos a revisar os nosos modos de facer, os nosos costumes pastorais, aínda que teñan moita tradición ou «fíxose sempre así», para poñer todo —e, en primeiro lugar, o noso tempo, a nosa intelixencia e dedicación— ao servizo deste anuncio do Evanxeo, que pode renovar a vida do home e abrila a unha esperanza definitiva.

Debemos facer nosa esta prioridade fundamental, que acompaña o pontificado de Francisco desde os seus inicios, con maior con-

ciencia este ano. Non é unha variante ou unha «moda» pastoral. É un xuízo profundo sobre a nosa situación e, para nós, unha indicación do Espírito Santo.

O anuncio do Evanxeo, o coñecemento do Señor Xesús, da súa entrega misericordiosa, do Amor con que vén ao noso encontro, xera certamente a alegría da fe; pero, ao mesmo tempo, renova a experiencia humana, a conciencia e a maneira de vivir de cada un, abríndoa a un camiño de perfección no amor e na verdade.

Ambas cousas son inseparables: a acollida do Amor de Deus e o revivir do corazón, o xurdir da fe e o iluminarse o camiño da vida.

Sabemos perfectamente que non podemos dar por descontada esta «vida cristiá» nos nosos fieis —e nin en nós mesmos. Inquiéttanos as incoherencias e, máis aínda, a posta en cuestión xeneralizada de que a fe sexa xerme dunha vida diversa e máis humana. Sufrimos ás veces ante a experiencia da desconexión entre os esforzos de comunicación da fe e a resposta que atopan nos fieis —con frecuencia, por exemplo, na catequese.

Temos que repetir, que **propoñer de novo insistente e conscientemente a fe como un camiño de vida**, que dá forma á existencia de modo verdadeiro e bo, que insere nunha comunidade de discípulos e de irmáns en que a bendición e graza de Deus é outorgada con abundancia.

Os nosos fieis necesitan volver lembrar, ser confirmados na certeza de que a fe non é un costume venerable ou unha cultura propia de xeracións pasadas, senón o camiño da verdade e da vida. Necesitamos recuperar a conciencia do ser cristiáns como unha forma concreta de ser e estar no mundo, como unha pertenza a unha comunidade fraterna en que o Señor nos axuda a comprender e responder os desafíos da existencia.

Este desexo **dunha «conversión misioneira» debe chegar a ser a prioridade primeira** nas opcións e decisións que determinan a misión pastoral de cada un. Dalgunha maneira estánolo pedindo tamén, de modo máis ou menos explícito, a vida dos nosos fieis e as nosas comunidades.

Sen dúbida necesitaremos poder apoiarnos uns a outros nesta tarefa ao longo do curso, no acompañamento cotián nas nosas parroquias e entre sacerdotes, nas relacións de amizade, así como nos momentos máis estruturados de encontro por arciprestados

ou diocesanos. Dificilmente conservaríamos unha conciencia lúcida, saberíamos entender e responder á nosa situación pastoral, se quedásemos illados ou sós.

O traballo en común, compartir a misión —sobre todo entre os sacerdotes— non só se fai necesario pola esixencia das circunstancias, senón que é o único modo de estar de corazón ao servizo do Pobo ao que nos envía o Señor; porque non é noso, senón seu. Nós fomos chamados a colaborar unidos nesta obra do seu Amor e a súa Misericordia, que só El pode facer crecer e guiar como Cabeza súa.

2. O matrimonio na pastoral familiar

Neste horizonte queredría subliñar unha prioridade concreta, derivada tamén da lectura papal dos signos dos tempos: a que se expresou na celebración dos dous últimos Sínodos sobre a familia, no documento *Mitis Iudex Jesus* sobre os procesos de nulidade matrimonial e na Exhortación apostólica postsinodal *Amoris Laetitia*.

A pastoral familiar ha de seguir sendo unha prioridade na nosa Diocese, **prestando este ano unha particular atención ao matrimonio**. Sen dúbida ningunha, o significado da fe para a vida, do ser cristián, maniféstase de maneira moi principal no matrimonio, que dá forma á existencia dos fieis, determinando as relacións persoais máis constitutivas.

Non resultaría moi comprensible falar do significado do Evanxeo para a vida sen mostralo nas realidades máis concretas e importantes da existencia. Entre estas sobresaen sen dúbida o matrimonio; obxectivamente, polo seu significado para a forma, o futuro e a felicidade na propia vida, e especialmente, polas circunstancias actuais, en que os fieis se atopan desafiados por alternativas radicais na súa comprensión, que farían imposible a conservación dunha fe relevante para a persoa —e conducirían, por tanto, xeralmente á súa perda.

Non consideremos este ano a pastoral familiar e, en concreto, o matrimonio como unha tarefa entre outras. Démoslle prioridade, para que sexa posible a renovación das nosas conciencias cren-tes, da vida das nosas comunidades eclesiais.

Procuraremos propoñer desde a Diocese algún xesto que axude a valorar a beleza e a grandeza do amor esponsal, do sacramento

do matrimonio, seguindo os ensinamentos da Exhortación *Amoris Laetitia*, que este curso estamos especialmente chamados a acoller.

Atopámonos así mesmo no proceso de aplicación das novas normas sobre procesos de nulidade e, en particular, na preparación dalgunha forma de acollida de parellas en dificultade ou que, por algún motivo, están en situación non ideal, para que poidan facer máis facilmente o seu camiño en relación coa Igrexa, de acordo tamén coas propostas pastorais de *Mitis Iudex Jesus*.

Para todo iso contamos co traballo dos membros da nosa Vicaría Xudicial, coa nosa Delegación de Pastoral Familiar e co COF diocesano, así como con contactos concretos coas outras Dioceses galegas en vista dalgunha iniciativa común.

En todo caso, confiando en que maduren xestos e instrumentos que poidan ser útiles para todos, asumamos nas nosas parroquias e comunidades este desafío como un verdadeiro signo dos tempos, que non podemos pasar por alto no noso camiño pastoral.

3. Unha proposta evanxelizadora para as nosas comunidades

Neste mesmo horizonte de renovación das nosas formas pastorais, para facer posible un coidado dos nosos fieis que sexa realmente unha proposta evanxelizadora, compréndese a prioridade dada na nosa Diocese ao proceso de reorganización pastoral, que se está a levar a cabo xa sobre todo no noso mundo rural.

Trátase dunha **necesidade moi real das comunidades parroquiais mesmas**, non só dos sacerdotes debido ao crecer das súas responsabilidades pastorais. En realidade, non é posible separar ambas cousas, a vida do sacerdote, o exercicio do seu ministerio, e a vida da parroquia, a realidade do ser cristiáns e do ser verdadeira comunidade eclesial en cada lugar.

Este ano continuaremos, Deus mediante, o camiño iniciado, insistindo precisamente na intuición de Francisco, tan acertada para a nosa terra: non podemos seguir facendo todo como sempre, considerar que se xustifican así suficientemente as nosas opcións pastorais; habemos de dar prioridade á evanxelización do noso pobo, ao que habemos de mirar con afecto e con realismo.

En realidade, nunca deixou de estar no centro da tarefa pastoral a urxencia pola conservación, a transmisión e a vida da fe; sem-

pre soubemos que a nosa misión é procurar reunir e coidar as nosas parroquias. En circunstancias diversas, esta segue sendo a nosa misión primeira tamén agora, reunir aos fieis que temos encomendados, de modo que vivan como verdadeiros membros da Igrexa.

Os criterios de fondo son xa coñecidos. En primeiro lugar, facer posible a todos os fieis, en calquera sitio en que se atope a súa parroquia, a participación semanal na Misa dominical e, por tanto, nunha comunidade eclesial palpable, visible, como lugar real en que se faga posible unha vida segundo o Evanxeo. E, ao mesmo tempo, garantir a proximidade a todos, favorecer a participación e a colaboración de todos. Pois non é esta unha cuestión que afecte só o sacerdote —ao seu «calendario» e aos seus «horarios»—, senón ante todo ás comunidades parroquiais como tales.

En realidade, **a reorganización pastoral é esencialmente unha proposta evanxelizadora**, de vida de comunidade, de experiencia e de transmisión da fe. Non pode ser outra cousa, se está ao servizo dos nosos fieis, do noso Pobo. Se resulta urxente, non é debido simplemente á diminución do número de sacerdotes, á necesidade de repensar como ir adaptando os ritmos pastorais ao número crecente de parroquias responsabilidade de cada un; senón á situación das nosas comunidades eclesiais, aos desafíos a que está enfrontada a fe e a vida cristiá dos seus membros, que percibimos de moitas maneiras nos diversos momentos da nosa vida de Igrexa.

Sigamos, pois, no camiño xa proposto de dar forma a lugares ou centros de referencia —interparroquiais— máis centrais ou adecuados para que os nosos fieis poidan acudir á Santa Misa co seu sacerdote todos os domingos, tamén cando non se celebra na propia parroquia. E convidémoslles a iso con insistencia e de corazón, como nun anuncio evanxelizador da conveniencia de gardar viva a fe, de esforzarse en coidala, de moverse e de unirse para poder vivila realmente nas nosas circunstancias actuais.

Tomemos en serio a nosa responsabilidade de anunciar a fe e aceptemos o risco de saír ao encontro dos nosos fieis laicos; fagamos a nosa proposta con claridade e sinxeleza, esperando e confiando na resposta da súa liberdade. E a todos os que non poidan —ou non queiran— acudir á Santa Misa o domingo, a todas as

comunidades locais, asegurémoslles sempre igualmente a nosa proximidade, a nosa presenza e a nosa palabra nos momentos oportunos.

4. Santa María, avogada nosa

Pidamos á Santísima Virxe María, Raíña dos apóstolos, a nosa Nai, que saibamos coidar dos seus moitos fillos, dispersos nas parroquias e comunidades da nosa Diocese. Que podamos facerlles chegar a Palabra do Evanxeo, o Amor do Señor, presente nos sacramentos, no matrimonio e a Eucaristía, presente na unidade dos irmáns, onde Deus «manda a bendición, a vida para sempre» (Sal 133, 3).

Que Ela interceda para que saibamos ser dóciles ao Espírito, comprender o noso tempo —os seus signos—, amar e entregarnos polos nosos irmáns, e así cumprir a misión á que o Señor Xesús quixo asociarnos, fiándose de nós con gran misericordia.

+ *Alfonso, hijo de
Dios*